

XUÑO 2017
VIXÉSIMO CUARTO ANIVERSARIO
SOÑOS, DELIRIOS E FÁBULAS

XUÑO **GIRL ASLEEP de ROSEMARY MYERS**
05 **(A MOZA DURMIDA)**
 AUSTRALIA 2015; 77' V.O.S.C.

XUÑO **RENT A FAMILY INC de KASPAR ASTRUP SCHRÖDER**
12 **(ALUGA UNHA FAMILIA)**
 DINAMARCA 2012; 77' V.O.S.C.

XUÑO **IL LUOGO DELLE FRAGOLE de MAITE VITORIA DANERIS**
19 **(O LUGAR DOS AMORODOS)**
 ITALIA 2013; 90' V.O.S.C.

XUÑO **FILME SORPRESA**
26

AUDITORIO MUNICIPAL DE VIGO: PRAZA DO REI
ÁS 20:30 HORAS
Colaboran:
CONCELLO DE VIGO E FEDERACIÓN DE GALICIA DE CINECLUBS

SOÑOS, DELIRIOS E FÁBULAS

Existe a idea de que soños, fábulas e delirios transgreden as normas básicas da *lóxica*. Son pensamentos considerados pouco plausibles polos demais, afástanse do razoar común, da senda consensuada que permite (tal vez) compartir unha realidade mutua.

No libro *O delirio, un erro necesario*, de Carlos Castilla Del Pino, el apunta que "o delirio é un erro, pero un erro necesario porque é o único sustento que lle queda ao que o ten para soportar unha realidade persoal insoportábel, para manter un *Eu* fráxil e vencido. Vivir no delirio supón unha táboa de salvación, o único medio de guarecer a autoestima e a integridade psicolóxica...."

Nós, construímos a realidade, a realidade que desexamos, non necesariamente a adecuada. Iso amosan tamén os filmes deste ciclo.

A moza durmida. A punto de cumprir quince anos, vive acosada pola súa contorna. Penetra no bosque do seu inconsciente cando abre unha caixa de música. Alí pon en marcha o proceso para mudar a súa vida de medos e sombras.

Aluga unha familia, S.A. Unha empresa xaponesa aluga familiares e amizades falsos para a xente que non ten moitos coñecidos, "o importante é que son persoas normais, (...) normal no senso de que son abertos, limpos e parece que teñan traballos normais".

O lugar dos amorodos. Cualificada de "obra mestra" polo escritor Roberto Saviano, o filme deixa espida a esencia do ser humano como ser social e cooperador dende un relato cercano da vida cotiá de Lina, Gianni e Hassan. Tres personaxes cuxas vidas crúzanse entre si ante a cámara da cineasta e que compoñen, conscientes e alleas á ollada testemuñal da realizadora.

Este mes celebramos o vixésimo cuarto aniversario e despedimos a nosa programación até o vindeiro mes de setembro.

**XUÑO
05**

**GIRL ASLEEP de ROSEMARY MYERS
(A MOZA DURMIDA)
AUSTRALIA 2015; 77' V.O.S.C.**

Ficha artística

|||||
Dirección: Rosemary Myers
Guión: Matthew Whittet
Fotografía: Andrew Commis
Montaxe: Karryn de Cinque
Música: Jemma Burns

Ficha técnica

|||||
Bethany Whitmore
Harrison Feldman
Matthew Whittet
Amber McMahon

**FESTIVAL DE ADELAIDA 2015, PREMIO DO PÚBLICO
PREMIOS DA ACADEMIA AUSTRALIANA 2016, MELLOR DESEÑO DE VESTIARIO
FESTIVAL DE MELBOURNE 2016, MELLOR FILME
FESTIVAL DE SEATTLE 2016, MELLOR FILME, GRAN PREMIO DO XURADO
INSTITUTO AUSTRALIANO DE CINE 2017, MELLOR DESEÑO DE VESTIARIO**

SINOPSE

Finais dos anos 70. Final da infancia para Greta, a piques de cumprir quince anos, non remata de integrarse na nova escola. Mentres a nai prepara a súa festa de aniversario, ela séntese cada vez máis acosada por todos: pola súa irmá máis vella, polo resto da clase e mesmo polo seu único amigo, o excéntrico Elliott.

ROSEMARY MYERS

Realizadora e produtora.

Este filme é a adaptación dunha obra de teatro escrita por Matthew Whittet, e que forma parte dunha triloxía de historias de mocidade xunto a *Fugitive* (2010), e *School Dance* (2012). Todas elas creadas e levadas á escena no Teatro Widmill de Adelaida (Australia), onde a cineasta era directora artística. Traballos con potentes ritos adolescentes na complexa viaxe da infancia á madurez. No 2012, a directora e o guionista foron invitados a participar en *Hive Fund*, unha iniciativa única de financiamento do Festival de Cine de Adelaida que prove a artistas creativos de calquera disciplina explorar no mundo do cine. Este foi o resultado. A directora dixo deste traballo, “todas e todos os adolescentes intérnanse nun bosque, algúns o atravesan e aparecen por outro lado. Outros pasan por duros tempos facendo o seu camiño polo bosque na súa mocidade, e os últimos entran no bosque e non saen nunca máis”.

Supón o seu debut no cine como realizadora. É o seu último traballo.

**XUÑO 12 RENT A FAMILY INC de KASPAR ASTRUP SCHRÖDER
(ALUGA UNHA FAMILIA)
DINAMARCA 2012; 77' V.O.S.C.**

Ficha técnica

|||||
Dirección e guión: Kaspar Astrup Schröder
Música: Jonas Colstrup
Fotografía: Kaspar Astrup Schröder

Ficha artística

DOCUMENTAL

PREMIO AO MELLOR DOCUMENTAL NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE ZÚRIC, 2013

SINOPSE

Historia única e impredecíbel sobre o home Ryuichi Ichinokawa e o seu curioso xeito de vida. El é un home xaponés aparentemente normal. Ten 44 anos, está casado, é pai de dous fillos e vai cada día traballar á oficina de correos. Todo semella normal, aínda que ten un segredo, mesmo para a súa familia: ten unha empresa chamada *Hagemashi Tai* (“quero subir o teu ánimo”), un dos negocios máis peculiares de Xapón, dedicado ao alugueiro de parentes, amizades, colegas ou parellas falsas. Pódese aparentar a felicidade?

KASPAR ASTRUP SCHRÖDER

Guionista, realizador, produtor, montador, artista visual e fotógrafo nado en 1979 en Dinamarca. No 2004 funda en Copenhague a empresa *Kaspar* e traballa con frecuencia en en Asia. Algúns dos seus documentais máis destacados son *Surfers City* (2007), premiado no *Danish Adventure Film Festival*; *The Invention of Dr. Nakamats* (2009), seleccionado no IDFA; ou *My Playground* (2010), sobre *parkour* e *freerunning*.

O seu último traballo é *III Waiting for the Sun* (2016)

**XUÑO
19**

**IL LUOGO DELLE FRAGOLE de MAITE VITORIA DANERIS
(O LUGAR DOS MORANGOS)
ITALIA 2013; 90' V.O.S.C.**

Ficha técnica

|||||
Dirección, Guion e Fotografía: Maite Vitoria Daneris
Música: Andrea Gattico

Ficha artística

|||||
DOCUMENTAL

**GRAN PREMIO DO XURADO AO MELLOR DOCUMENTAL NO FESTIVAL INTERNACIONAL DEL CINE ITALIANO DE ANNECY, 2014
PRIMEIRO PREMIO AO MELLOR FILME DOCUMENTAL NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE MILÁN, 2014
PREMIO UCCA AO MELLOR FILME DOCUMENTAL NO FESTIVAL INTERNACIONAL DE CINE DE TURÍN, 2013
PREMIO CARACOLA Á MELLOR LONGAMETRAXE DOCUMENTAL DO FESTIVAL DE CINE ALCANCES, 2013**

SINOPSE

Lina é unha vella campesiña do norte de Italia. Ten o lombo curvado e olla cara á terra. Cada mañá, no alba, chega ao mercado ao aire libre meirande de Europa, *Porta Palazzo*, no centro de Turín, onde vende a súa verdura e os seus amorodos. Di que ten unha vida de "casa, igrexa e traballo". Non ten fillos, pero si cinco cans e ao seu home Gianni, que quere que ela deixe de traballar. Un día no mercado, entra en escena Hassan, un mozo inmigrante marroquí acabado de chegar a Italia na busca de traballo.

Filmada durante sete anos a través da ollada dunha cineasta española que viaxa a Turín, tiña a idea de quedarse unhas semanas, e volta dez anos máis tarde co filme nas mans.

MAITE VITORIA DANERIS

Guionista, produtora, fotógrafa e realizadora de cine documental nada en Madrid en 1978. No 2004 realiza as súas primeiras curtametraxes documentais gravadas nunha vila da serra de Estremadura; *Volvede* e *Somos nove*. No 2005 marcha a Turín, alí descobre o ambiente creativo e cinematográfico e decide quedar un tempo. Tras dez anos na cidade, onde ten traballado como realizadora en diferentes proxectos de cine documental, dirixe, escribe e produce este traballo, a súa primeira longametraxe, desenvolvida grazas ao apoio de diferentes entidades audiovisuais europeas e con gran acollida por parte de televisións internacionais como YLE, RAI, ARTE e TVE.

É o seu último traballo. Neste momento vive en Madrid onde segue preparando novos proxectos de cine documental.

XUÑO
26

FILME SORPRESA

Filmes de rigorosa estrea que están a formar parte da programación dos mellores festivais de cine do mundo. Se unha vez iniciada a proxección alguén decide saír, poderá facelo durante os primeiros 15 minutos e devolveráselle o importe da cota pagada.

COLABORACIÓNS

- Na nosa colaboración coa Alianza Francesa a proxección será o vindeiro **mércres 7 de xuño**, ás 20:30h, no Auditorio Municipal de Vigo. O título ***À peine j'ouvre les yeux*** de Leyla Bouzid; Entrada de balde até completar aforo.
- Segue aberto o prazo de inscrición para un obradoiro de Guión. Teléfono de contacto: 627 211 948 ou joemanda@hotmail.es
- Grazas ao acordo coa librería LIBROURO (rúa Eduardo Iglesias, n.º 12), todas as persoas asociadas terán un desconto do 5% nas compras logo da presentación do carné.
- Todas as persoas asociadas que dispoñan de correo electrónico poderán solicitar o envío da programación.
- Non se permitirá o acceso ao auditorio unha vez comezada a proxección.
- O uso do teléfono móbil na sala co filme iniciado será motivo de expulsión da mesma sen reintegro dos cartos da cota pagada.

**CINECLUBE LUMIÈRE
DE VIGO**

Rúa Doutor Cadaval 33, 4.º A - 36202 Vigo -
<http://www.lumierevigo.com>
info@lumierevigo.com

PREZOS

| | |
|--------------------------|----------------------|
| Cota anual soci@: | 18 euros |
| Cota filme soci@: | 4 euros |
| Bono Lumière 5 filmes: | 15 euros (só soci@s) |
| Cota filme colaborador@: | 5 euros |
| PARAD@S, con carné: | 4 euros |